

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE FEBREIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:35 horas do día 1 de febreiro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Gilberto Moldes Crespo

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446) (informe cartas compromiso)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 30 de xaneiro de 2019 en relación coas cartas de compromiso presentadas polos licitadores admitidos no Sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor".

O referido informe recolle a seguinte táboa resumo sobre o cumprimento dos requisitos de presentación esixidos no apartado 6A.2 do Anexo I (FEC) do PCAP:

	ELSAMEX S.A.	BRICANTEL ESPAÑA, S.L	UTE LAPPSET, S.L E ACEVI, S.L
Carta de compromiso do fabricante de xogos, na que se comprometa á fabricación dos elementos detallados no proxecto.	Presenta carta de compromiso do provedor URBANO Y ACCESIBLE, pero non indica o fabricante.	Presenta carta de compromiso do fabricante BRAGMAIA, SA.	Presenta carta de compromiso do fabricante LAPPSET ESPAÑA VR, SL.
Unha relación de todos os elementos de xogo ofertados.	Non presenta	Presenta	Presenta
As fichas técnicas individualizadas de cada elemento nas que constarán os materiais, áreas de seguridade e dimensións.	Non presenta	Presenta	Presenta
Precertificado de todos os xogos, que serán de características similares ós do Proxecto.	Non presenta	Presenta	Presenta



A Mesa acepta, por unanimidade, o citado informe e acorda conceder un prazo de tres días a ELSAMEX S.A.U. para que poida emendar a carta de compromiso presentada no sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” segundo os requisitos esixidos no apartado 6A.4 do Anexo I (FEC) do PCAP.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446) (informe cartas compromiso)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 31 de xaneiro de 2019 en relación coas cartas de compromiso presentadas polos licitadores admitidos no Sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

O referido informe recolle a seguinte táboa resumo sobre o cumprimento dos requisitos de presentación esixidos no apartado 6A.2 do Anexo I (FEC) do PCAP:

	ELSAMEX S.A.U.	CALFENSA, PROYECTOS S.L.	BRICANTEL ESPAÑA, S.L	LAPPSET ESPAÑA V.R. S.L.	JARDINCELAS S.L.
Carta de compromiso do fabricante de xogos, na que se comprometa á fabricación dos elementos detallados no proxecto.	Presenta carta de compromiso do provedor URBANO Y ACCESIBLE, pero non indica o fabricante.	Presenta carta de compromiso do fabricante KOMPAN S.L.	Presenta carta de compromiso do fabricante BRAGMAIA SA.	Presenta carta de compromiso do fabricante LAPPSET ESPAÑA.VR S.L.	Presenta carta de compromiso do fabricante GALOPIN PLAYGROUNDS S.L.
Unha relación de todos os elementos de xogo ofertados.	Non presenta	Presenta	Presenta	Non presenta	Presenta
As fichas técnicas individualizadas de cada elemento nas que constarán os materiais, áreas de seguridade e dimensións.	Non presenta	Presenta	Presenta	Non presenta	Presenta
Precertificado de todos os xogos, que serán de características similares ós do Proxecto.	Non presenta	Presenta	Presenta	Non presenta	Non presenta

A Mesa acepta, por unanimidade, o citado informe e acorda conceder un prazo de tres días a ELSAMEX S.A.U., LAPPSET ESPAÑA V.R. S.L. e JARDINCELAS S.L. para que poidan emendar as cartas de compromiso presentadas no sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” segundo os requisitos esixidos no apartado 6A.4 do Anexo I (FEC) do PCAP.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 01:56	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A744-C32F3D-EE5F3D-DT6G9A-QKET2A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		